

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social do Cruceiro de Roo. Sábado, 21 de xaneiro de 2023

Sendo as 13:00 horas do día 21 de xaneiro de 2023, no local social do Cruceiro de Roo, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes. Asisten: Xoán Mariño (presidente), Lidia Vicente (vicepresidenta), Ramón Blanco (secretario), Enrique Vidal (tesoureiro), Vicente Abelleira (1º vogal), Xesús Mato (3º vogal), Xosé Dios, José Antonio García, Manolo Martínez, Severo Pena, Mª Teresa Couto, Carne Martelo, Carlos Outeiral, José Manuel Orodea, Mª Dolores Pena.

(Ás 13:20 h. incorpórase Xosé Manuel Luhía (2º vogal). Ás 13:55 h. incorpórase Rafael Fontenlos. Ás 14:15 h. incorpórase Francisco Balayo.)

Lidas e aprobadas as actas anteriores (correspondentes ás asembleas xerais ordinaria e extraordinaria, respectivamente do 29 de xaneiro de 2022 e do 22 de outubro de 2022) a directiva procede á entrega e explicación da memoria de actividades do 2022. O presidente, Xoán Mariño, explica os actos que se levaron a cabo:

- Exposición da campaña de Vía Galega reivindicando deportes galegos, con paneis sobre seleccións galegas, sobre todo de fútbol.
- Homenaxe a Chema Fuentes, 50 anos despois da súa morte a mans da policía en Santiago. Colocouse unha placa conmemorativa no parque da Cruz.
- Colaboramos na organización en Albeida dun dos concertos do festival de harpa de Noia.
- Celebremos a XIII Muiñada, dedicada aos hórreos outenses, e nese marco editamos un primeiro libro onde se recollen os hórreos da parroquia de Cando.
- Publicáronse os 4 números da revista, un dos cales foi edición especial (nº 60, quince anos).
- Colaboramos na organización das Xornadas Socio-Sanitarias.
- Presentouse, en colaboración con Barbantia, a novela do rianxeiro Ricardo Losada, sobre a vida do poeta Manuel Antonio, para conmemorar o centenario do manifesto *Máis Alá*.
- Tamén se presentaron outros libros.

A única actividade proxectada que non puidemos levar a cabo foi a exposición dos debuxos sobre poemas de Añón realizadas por escolares outenses, que tiñamos prevista para maio (Letras Galegas).

Seguidamente toma a palabra Xesús Mato, reincorporado como vogal 3º, en representación da sección mariñeira, quen explica as actividades realizadas, mentres se proxecta un documento que as recolle acompañadas de imaxes:

- Participación no festival marítimo de Pasaia, que se fai cada 2 anos e dura tres días; fomos co Langaño.
- Navegacións con escolares, “Xogando co Vento”; participaron polo menos 8 colexios.
- “Muros Mira o Mar”, durante un fin de semana, coas dúas embarcacións que temos con folio, Támara e Langaño.
- “Inchadiña”, en Padrón; tamén fomos cos dous barcos.
- Organización da actividade “Escumando co Mar”, homenaxe a Añón, agora que temos as velas serigrafiadas coa faciana do poeta, copiando o que fan en Padrón coa “Inchadiña”. Este ano pasado invitamos a Anxo Angueira para axudar a deseñala. A ver se a podemos materializar no 2023.
- “Mares da Fin do Mundo”: proxección de documentais en Outes; nós participamos con dous actos: navegamos con escolares desde a Praia de Siavo, e no Freixo navegamos e expuxemos os barcos.
- Reparouse a dorna Albán. Hai problemas cos estaleiros, porque para eles son reparacións de pouca contía e interrúmpelles o traballo diario. Este ano a dorna reparámola nós. A outra, a dorna Ría de Outes, reparámola cunha subvención da Deputación en Estaleiros Catoira (Rianxo).
- Realizouse (fóra do programa de actividades) un curso sobre a dorna, dúas tardes de setembro, sobre os seus elementos, como se aparelha etc.
- Reparacións e pintados (sobre todo a da mentada dorna).

-Navegacións informais dos socios.

-Impresión da faciana de Añón nas velas.

-Xuntanza mariñeira “Mar de Cabo”, en Cabo de Cruz, que tampouco estaba programado. Fíxose homenaxe ás bucatas. Temos unha moi bonita, que é a Donas, traída de Esteiro, feita nos oitenta, e era para pescar mais tamén para competir nas regatas xa daquela.

A seguir a directiva explica o plan xeral de actividades para 2023, para que o iría destinado parte do orzamento anual. Xoán Mariño adianta que será breve, dado que a nova directiva comezaría o seu mandato en maio, e imos adiantar uns días as eleccións para cadraren en abril. Ata entón só comenta:

-Continuamos coa revista: hoxe xa presentaremos a nº 61 e na vindeira assemblea extraordinaria, en abril, presentaremos o nº 62.

-E tamén conta que para aquela estará publicado outro libro dedicado aos hórreos.

Xesús Mato retoma a palabra, e volve apoiarse no documento proxectado, para avanzar a previsión no referente á sección mariñeira. Advirte que está aínda pouco elaborada porque este pasado mes foi de moito traballo nesta sección. Un problema é conseguir a documentación dos barcos. Levamos 5 anos desde 2017 para resolver un expediente de achádego dunha dorna atopada. Fomos requeridos para ditar acuse de recibo, pero entendemos que era que recibiramos a carta e referíase a que aceptabamos a dorna, co cal hai que volver empezar co expediente. E, de por parte, Xesús Mato terá que facer xestións para iso no xulgado de Cartaxena (Murcia). Tamén comenta que se poden comprar os papeis para inscribir as outras embarcacións que temos sen folio, cun custo aproximado de 400 euros e que se ofrecen a correr con estes gastos algúns dos socios, porque os procesos pola vía institucional son demasiado estendidos no tempo, e non podemos esperar 5 anos para poder poñer os barcos a navegar. Dito isto, continúa coas actividades proxectadas desde a sección que coordina:

-Navegación con escolares; temos que reducilas moito, porque só poucos socios teñen tempo para ir.

-“Inchadiña”.

-Subida polo Tines, homenaxe a Añón.

-“Mares da Fin do Mundo”.

-Curso de navegacións tradicionais.

-Convenio co Concello, polo estaleiro de Broña, que se vai inaugurar. Vai dar traballo facer o documento pero é moi interesante para nós e para o Concello. Sería un convenio que nos permita traballar alí nos nosos barcos.

-Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (bianual), este ano en Sada. Anima a achegarnos a Sada o 1º fin de semana de agosto e participar.

-Inscripción do Albán xa, polo menos.

-Xuntanza mariñeira “Mar de Cabo”.

Tanto a memoria como o plan anuais son aprobados por unanimidade, e acto seguido o tesoureiro, Enrique Vidal, entrega un documento co exercicio económico do ano pasado e procede a detallalo. Inicia o seu relatorio comentando que foi un exercicio récord en gastos, un 90% máis ca no ano pasado: 15.306,59 €. Tamén foron os ingresos un récord, un 60% máis: 11.998,00 €. Quedaba así unha diferenza negativa de 3.308,59 euros, pero falta incluír o subsidio do Concello, co que xa cadrarían as contas (pero notificarase no exercicio de 2023, cando o cobremos; xa está confirmado).

O tesoureiro abre un debate sobre a subscripción ao Nós Diario, que remata coa decisión de lembrarlles aos socios a clave de acceso á versión dixital, para que poida sacárselle máis partido. Enrique Vidal explica algúns gastos significativos, como son: o libro dos hórreos (uns 1.872 €), os considerables gastos nas embarcacións (sobre todo os 2.500 € dunha reparación e os custos da serigrafía das velas coa cara de Añón).

Deste xeito, en resumo, do exercicio 2022 temos: -3.308,59 €, mais ao haber un remanente de 6.654,40 €, o saldo contable agora xa sería de 3.345,81 (falta cobrar as subvencións, que están concedidas e xustificadas; e aínda faltaría incluír a do Concello, que non vai este ano, pero que

pasarán a ser así algo máis de 6.000 euros). Entón, o saldo actual dispoñible é de 1.110,56 €. O presidente fai un inciso para lembrar que tamén se incrementaron os gastos, nun desfase de 300 euros, polo encarecemento da imprenta (custo do papel).

Apróbanse as contas por unanimidade.

Acto seguido ten lugar a formalización das cotas anuais, que se manteñen no prezo de 12 euros.

Dáse paso ao punto "rogos e preguntas".

Xesús Mato pregunta pola posibilidade de botar man da imprenta da Deputación, o que xa se comentara o ano pasado. M^a Dolores Pena di que imprimir a revista non o ve factible por ser periódico pero algún libro si. Enrique Vidal responde que poderíamos solicitar este servizo. Xoán Mariño di estar defraudado coa imprenta da Deputación, de cando lle perderan o material dun libro seu que nunca chegou a editarse nin recuperarse. M^a Dolores Pena replica que agora non habería risco de perdas ao traballarse en dixital. Xesús Mato pregunta se a cartelaría sería posible imprimila alí, e M^a Dolores Pena di que seguro que si. O presidente e o tesoureiro inciden ambos en que para o ano será menor contía a desta partida (que habitualmente son uns 400 euros), pois este ano pasado foi algo excepcional. Vicente Abelleira pregunta canto gastamos nas revistas. O tesoureiro responde que o prezo dun euro é testemuñal; valeron 2.885 euros. O presidente lembra que a impresión de cada número sae por uns 600 euros.

Xosé Dios propón que se amarren todos os nosos barcos no pantalán do Freixo. Xesús Mato explica que, como se dixo, só temos dous barcos con papeis, e entón Portos de Galicia cobraría por termos os outros barcos amarrados no pantalán; ao termos o estaleiro de Broña poderían invernarse algún deles alí. Tamén lembra este 3º vogal que o doque, a pesqueira, é outro proxecto polo que debemos pugar, xa que alí os barcos nosos lucirían.

Xosé Dios formula outra pregunta: quere saber se hai estimación de que vai pasar en abril, cando toque elixir nova directiva. Aínda que non podemos dar unha resposta definitiva por agora, o secretario lembra que se abrirá un prazo para presentar candidaturas e que calquera socio pode optar aos cargos. A intervención de José Antonio García dá comezo a un debate sobre a posibilidade de que poida optarse a ocupar un cargo individual sen necesidade de renovarse o resto da directiva. O secretario promete enviarlles aos asociados, nos próximos días, a información corresponde para aclarar estas e outras dúbidas sobre o proceso electoral.

Carlos Outeiral toma a palabra, no seu nome e no de Carme Martelo (ambos socios de nova incorporación), para anunciar a súa intención de formaren un grupo teatral dentro da nosa asociación (para o cal teñen experiencia previa, por exemplo, nun grupo de Esteiro), baixo o amparo da cal captarían xente para conformalo. Tamén pregunta sobre a existencia na asociación dalgún proxecto musical, folclórico... que veña ampliar o habano de oferta cultural. Así mesmo, roga que se lle facilite unha copia dos estatutos, para ver en que apartado encaixaría a súa proposta teatral; fai esta petición porque non puido atopar o documento na páxina web, que está desactualizada. En caso de non estaren dispoñibles na páxina web, feito que non lle constaba á directiva, o secretario tamén manifesta non haber ningún problema en facilitar unha copia. Tanto a directiva como os socios acollen de forma positiva o proxecto, e o presidente engade que xa se irá concretando.

Vicente Abelleira lembra que no 2023 se farán 50 anos da publicación do disco de Los Romero, e di que non podemos deixar pasar a data sen conmemoralala, mesmo reeditando o material sonoro do grupo outense.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 14:20 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 21 de xaneiro de 2023